

**PREGUNTA DE AER SOBRE AS OBRIGAS DE AQUALIA**

PLENO 07 FEBREIRO 2019. ACTA 01/2019

*“No pleno do 7 de xuño de 2018 aprobouse, cos votos a favor de todos os grupos e coa abstención do PP, unha moción presentada por AER sobre as obrigas da empresa concesionaria do abastecemento de auga potable e saneamento "Aqualia", recollidas no documento de concesión e no prego de condicións. Os acordos da moción son os seguintes:*

*1.- Renovación das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento de auga no concello de Redondela por tubaxes que non impliquen ningún risco sanitario para a poboación.*

*2.- Elaboración dun informe por parte dos servizos do Concello acerca de quen debe asumir os gastos desta renovación; se a empresa concesionaria ou o Concello de Redondela.*

*3.- Apertura de expediente á empresa concesionaria por incumprimento do contrato.*

***Polo que preguntamos:***

***Pensan entregarnos o informe solicitado polo pleno no punto 2 do acordo da moción presentada por AER?”***

O concelleiro Álvarez Ballesteros: cando o teñamos llo entregaremos.